

**Estatísticas do sector turístico. Ano 2003**  
**COMUNICADO**

---

**DESCENSO DA DEMANDA NO CONXUNTO DOS HOTEIS,  
HOSTAIS E CASAS DE TURISMO RURAL DE GALICIA  
DURANTE O ANO 2003**

**Realizadas no ano 2003 máis de 6,1 millóns de pernoitas nos hoteis, hostais e casas de turismo rural**

Durante o ano 2003 un total de 3.634.739 viaxeiros estiveron aloxados en hoteis, hostais e casas de turismo rural galegos, un 0,6% menos que no ano 2002. O número de viaxeiros entrados ascendeu a 3.148.267.

Estes viaxeiros efectuaron 6.191.949 pernoitas, unhas dúascentas vinte e cinco mil menos que un ano antes e que se traduce nun decrecemento do -3,5%. Como resultado, a estadia media calculada sobre o número de viaxeiros entrados foi de 1,97 días.

O grao de ocupación por prazas durante o ano 2003 caeu dous puntos e medio respecto ao do 2002 ata alcanzar o 33,0%, valor que supón unha taxa interanual do -7,0%. Taxa máis negativa que a das pernoitas debido a que, pese á caída da demanda, a oferta de prazas experimentou un crecemento do 3,7%.

---

**PRINCIPAIS RESULTADOS ANO 2003**


Hoteis, hostais e casas de turismo rural	Dato	Variación 2003/2002 (%)
Viaxeiros aloxados	3.634.739	-0,6
Viaxeiros entrados	3.148.267	-
Pernoitas	6.191.949	-3,5
Grao de ocupación	33,03	-7,0

Fonte: IGE

-. Non procede, variable introducida no ano 2003

Dos 3,1 millóns de viaxeiros entrados nos establecementos obxecto de estudio, a maioría son españois, galegos o 28,0% e doutra comunidade autónoma o 54,6%. Os estranxeiros representan o restante 17,4%.

Dentro dos estranxeiros, o 38,2% deles proceden de Portugal, do resto de Europa o 42,1% e o 19,7% do resto de países.



Fonte: IGE

### Máis do 80% do conxunto de viaxeiros estiveron aloxados en hoteis

A maioría dos viaxeiros que se aloxan en hoteis, hostais e casas de turismo rural galegos faíno en hoteis. Así, máis do 81% dos viaxeiros e do 79% das pernoitas están asociados a esta tipoloxía.

Polo que respecta ó grao de ocupación por tipo de establecemento as diferenzas seguen a ser, como en anos anteriores, bastante notables entre tipos. Os hoteis son os que teñen o valor máis alto, cunha ocupación no ano 2003 do 38,5%, os hostais tiveron un 23,4% e as casas de turismo rural son as que teñen o nivel máis baixo, co 15,6%.

### DATOS POR TIPOLOXÍA DO ESTABLECIMENTO NO ANO 2003

Tipoloxía	VIAXEIROS ALOXADOS			VIAXEIROS ENTRADOS			PERNOITAS			GRAO DE OCUPACIÓN	
	Dato	%	Variación 2003/2002 (%)	Dato	%	Variación 2003/2002 (%)	Dato	%	Variación 2003/2002 (%)	Dato	Variación 2003/2002 (%)
Hoteis	2.992.657	82,3	2,6	2.562.809	81,4	-	4.937.387	79,7	-0,7	38,5	-7,7
Hostais	508.789	14,0	-16,5	456.060	14,5	-	991.307	16,0	-15,5	23,4	-7,1
Casas de turismo rural	133.293	3,7	2,7	129.397	4,1	-	263.254	4,3	-2,8	15,6	-14,5
<b>Total</b>	<b>3.634.739</b>	<b>100,0</b>	<b>-0,6</b>	<b>3.148.267</b>	<b>100,0</b>	<b>-</b>	<b>6.191.949</b>	<b>100,0</b>	<b>-3,5</b>	<b>33,0</b>	<b>-7,0</b>

Fonte: IGE

--: Non procede, variable introducida no ano 2003

### As provincias da Coruña e Pontevedra son os principais lugares de aloxamento dos viaxeiros que veñen a Galicia

As provincias de Pontevedra e A Coruña son o destino principal dos viaxeiros que veñen a Galicia, concentrando valores próximos ao 80% dos viaxeiros e das pernoitas.

Pontevedra, con 2.714.883 pernoitas foi o destino máis demandado (43,8%). En número de viaxeiros entrados ocupa o segundo lugar cunha porcentaxe do 38,9%. Destaca por ser o

destino onde máis tempo permanecen os viaxeiros, 2,4 días, e por concentrar preto do 50% das pernoitas realizadas en hoteis.

A provincia que ocupa o primeiro lugar en canto a número de viaxeiros é A Coruña. Con 1.348.664 no ano 2003 cubre o 42,8% do total galego. Pola contra, as 2.436.898 de pernoitas supoñen o 39,4% das totais, situándose tras Pontevedra. A Coruña caracterízase por ser a que ten máis demanda nos hostais: concentra o 55,9% das pernoitas realizadas nesta tipoloxía.

No referente ao grao de ocupación as diferenzas son importantes entre provincias. As provincias da Coruña e Pontevedra teñen os niveis máis altos de ocupación con valores do 36,0% e 35,1% respectivamente, Lugo o máis baixo, 23,4%, aínda que próximo ao 26,0% de Ourense.

#### DATOS POR PROVINCIA NO ANO 2003

Provincia	VIAXEIROS ALOXADOS			VIAXEIROS ENTRADOS			PERNOITAS			GRAO DE OCUPACIÓN	
	Dato	%	Variación 2003/2002 (%)	Dato	%	Variación 2003/2002 (%)	Dato	%	Variación 2003/2002 (%)	Dato	Variación 2003/2002 (%)
A Coruña	1.594.083	43,9	6,9	1.348.664	42,8	-	2.436.898	39,4	2,9	36,0	-5,5
Lugo	409.974	11,3	-7,2	375.154	11,9	-	548.480	8,9	-9,8	23,4	-7,3
Ourense	333.829	9,2	-2,2	289.021	9,2	-	491.687	7,9	-0,3	26,0	-4,7
Pontevedra	1.296.852	35,7	-6,1	1.135.428	36,1	-	2.714.883	43,8	-7,9	35,1	-9,2
<b>Galicia</b>	<b>3.634.739</b>	<b>100,0</b>	<b>-0,6</b>	<b>3.148.267</b>	<b>100,0</b>	<b>-</b>	<b>6.191.949</b>	<b>100,0</b>	<b>-3,5</b>	<b>33,0</b>	<b>-7,0</b>

Fonte: IGE

-: Non procede, variable introducida no ano 2003

#### Os viaxeiros aloxados en establecementos de 3 e máis estrelas gastan ó día unha media de 136,93 euros

Un viaxeiro aloxado nun establecemento hoteleiro galego de tres e máis estrelas gasta unha media de 136,93 euros ó día. A maior parte destinada ó aloxamento (55,5%) e á comida en restaurantes (44,5%) e o 27% restante distribuída entre compras, ocio, desprazamentos e outros.


O crecemento en termos correntes é do 1,5%, o que implica case 2 euros máis gastados ó día por cada viaxeiro.

O gasto total efectuado por estes viaxeiros ascendeu a 414,3 millóns de euros, un 2,3% máis que no ano 2002 en termos correntes.

#### GASTO DOS VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS DE 3 E MÁIS ESTRELAS. ANO 2002

	Dato	Variación 2003/2002 (%)
Gasto diario medio (euros)	136,93	1,5
Gasto total (miles de euros)	414.266,46	2,3

Fonte: IGE



Fonte: IGE


### Asalariado do sector privado non galego con estudos superiores viaxando por motivos de traballo

O viaxeiro tipo que se aloxa nun establecemento hoteleiro galego de tres ou máis estrelas ten entre 29 e 50 anos, está casado, ten estudos superiores, a súa situación laboral é asalariado no sector privado e reside no resto de España. Ademais, realiza a viaxe por motivos de traballo. Os desprazamentos por motivos de traballo son os máis frecuentes (42,9%). Outro motivo importante na realización da viaxe é coñecer o medio natural e paisaxes galegas, cunha porcentaxe do 23,8%.

O coche propio é o método de transporte máis habitual utilizado para acceder a Galicia polos viaxeiros non galegos (55,4%). Outro medio importante é o avión, no que chegan o 36,2%.



Fonte: IGE



Fonte: IGE

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
 e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)